



UNIVERSIDADE
DE VIGO

INFORME DE AVALIACIÓN

DOS BANCOS DO TEMPO

DO PROXECTO CONTA CON ELAS

Luz Varela Caruncho

Amada Traba Díaz

Universidade de Vigo

ÍNDICE

Introdución	3
Os Bancos do Tempo	4
Os Bancos do Tempo no proxecto Conta con elas	7
O sentido da avaliación dos Bancos do Tempo	8
Metodoloxía	9
A implementación dos Bancos do Tempo	14
Formación e sensibilización para a creación dos Bancos do Tempo no territorio. Análise da formación	16
Posta en marcha dos Bancos do Tempo na cidade de Vigo. Análise das secretarías do banco do tempo	22
Conclusións e recomendacións	30
Bibliografía	34

INTRODUCCIÓN

A Universidade de Vigo participa como entidade socia da A.D. Área Metropolitana de Vigo co compromiso de executar parte das accións do Proxecto Conta con elas, entre elas o seguimento e avaliación dos Bancos do Tempo.

As persoas responsables do seguimento e avaliación dos Bancos do tempo, Luz Varela Caruncho e Amada Traba Díaz, elaboran este *Informe de Avaliación dos Bancos do Tempo no Proxecto Conta con elas*.

OS BANCOS DO TEMPO

Os bancos do tempo son espazos concibidos para impulsar e favorecer os intercambios de tempos, traballos e servizos entre as persoas, apoiando a cooperación informal nun determinado territorio.

Son instrumentos innovadores de política social a escala local, arraigados no territorio e próximos ás persoas. A través deles pódense identificar e satisfacer necesidades que os servizos convencionais do mercado ou os servizos de benestar social público non chegan a satisfacer.

A súa dinámica susténtase na realización de actividades cotiás, moi ligadas ás necesidades persoais e a especificidade do perfil da cidadanía de cada territorio. Os bancos do tempo pódense desenvolver en calquera lugar e son especialmente idóneos para construír ou reconstruír as redes sociais integradoras das persoas na comunidade. Por iso, calquera territorio ou espazo social de relación pode servir para poñer en marcha un banco do tempo.

A finalidade dos bancos do tempo é promover o intercambio gratuíto de servizos entre persoas, con independencia das súas características, dando a oportunidade para que se coñezan e establezan lazos de cooperación e de mutua confianza. O establecemento destas relacións permitiría resolver necesidades da vida diaria así como levar a cabo actividades satisfactorias de ocio e relación.

Están abertos a mulleres e homes na procura de mellorar a calidade de vida, de potenciar as relacións de veciñanza e de servir como un instrumento máis para lograr conciliar a vida persoal, laboral e familiar. Os bancos do tempo son instrumentos socialmente relevantes desde a perspectiva de xénero pois debido á división sexual do traballo e a progresiva incorporación das mulleres ao mercado laboral, as mulleres sofren unha presión moi forte derivada dos estereotipos sociais tradicionais ou das necesidades económicas. Esta presión produce que as mulleres, en xeral, asuman unha sobrecarga de traballo e de dedicación ás necesidades familiares.

Unha das singularidades do banco do tempo é a capacidade de igualar todo o que o mercado desiguala sistematicamente. É importante destacar que para un banco do tempo todas as persoas somos expertas ao desenvolver o que ofrecemos ao banco en fraccións de tempo. Esta cuestión ten moita importancia desde a perspectiva de xénero, pois os traballos das mulleres sempre foron desvalorizados debido á división sexual do traballo e á xerarquía que esta establece. Neste sentido debemos destacar que nos bancos do tempo a medida de valor é o tempo, e non as características do traballo nin da persoa.

Todas as persoas temos cousas que poder ofrecer ou pedir. Calquera, independentemente do sexo, da idade, da procedencia, da cualificación ou da posición social, pode inscribirse nun banco do tempo, ofrecendo aquilo que sabe ou lle gusta facer, aquilo que está disposto a compartir -que é moito máis do que somos conscientes- e o que aínda é mais importante, demandar doutras persoas axuda para cubrir as nosas propias necesidades.

Os servizos máis intercambiados son os de acompañamento, de coidado, de axuda manual ou intelectual, como por exemplo “acompañar nenas e nenos ao colexio ou persoas maiores ao médico, á farmacia, ao banco, a facer xestións”, etc. Como exemplos de axuda intelectual ou manual podemos citar “ler para outras persoas, axudar a facer os deberes, facer pequenas tarefas domésticas, facer a compra, reparar electrodomésticos ou automóbiles, ensinar a traballar coas ferramentas informáticas ou traballar nelas para outras persoas”.

O banco do tempo é o primeiro banco que funciona sen cartos. Neste banco unicamente se pode depositar tempo, tempo que se retira no momento de ser utilizado. Unha persoa inscrita no banco do tempo ofrece un servizo que, ao ser utilizado por outra, constitúe un depósito; a cambio dese tempo depositado acumula un tempo equivalente que lle permite obter servizos doutras persoas. A unidade de intercambio nos bancos do tempo é a hora, independentemente do servizo que se ofrezca ou que se reciba. Cada persoa que se inscriba no banco do tempo será titular dunha conta corrente de tempo e disporá dun talonario persoal que ten que utilizar no momento de recibir tempo polo servizo realizado por outra persoa. Asemade, as persoas inscritas terán que comunicar -mensual

ou semanalmente- á secretaría o tempo utilizado (dar e/ou recibir). A secretaría ten que realizar un balance do tempo de cada conta corrente para manter certo equilibrio.

Como acabamos de ver neste último parágrafo, cada banco do tempo debe contar cunha secretaría para realizar funcións fundamentais no desenvolvemento do banco do tempo, como informar, xestionar, dinamizar e acompañar os intercambios entre as persoas usuarias. Entre as súas funcións destaca a función inicial de contacto e acollida das persoas interesadas no banco do tempo, función fundamental para lograr a maior implicación posible das persoas e como mínimo para xestionar e aclarar ofertas, demandas e dispoñibilidade horaria.

A secretaría é a encargada de manter a información actualizada sobre as altas e baixas, ofertas e demandas, reunións e sesións de grupo, e calquera outra actividade de dinamización. Ademais debe revisar o estado da conta corrente do tempo de cada quen e a lista dos servizos que se poden intercambiar. A secretaría tamén realizará o seguimento de todo o que aconteza no banco do tempo e deberá contactar coas persoas que se atopen en situación de desequilibrio de tempo para facer os axustes necesarios.

Os bancos do tempo teñen infinitas posibilidades e potencialidades que se irán desenvolvendo de acordo cos intereses e necesidades das propias persoas participantes e da capacidade de dinamización da secretaría.

OS BANCOS DO TEMPO NO PROXECTO CONTA CON ELAS

Un dos obxectivos complementarios do proxecto Conta con elas é fomentar a conciliación familiar, laboral e persoal a través de accións experimentais que permitan conxugar os distintos tempos e espazos da vida.

En base a estes obxectivos, os resultados previstos consisten en experimentar e traballar con novos modelos de cooperación comunitaria, como mecanismo para favorecer a conciliación familiar, laboral e persoal. Os bancos do tempo concíbense no proxecto como unha das medidas para acadar a igualdade de oportunidades, neste caso a través da conciliación.

Neste proxecto, e dentro das accións transversais para a promoción da igualdade de oportunidades, inclúese a acción de “Cooperación social para a conciliación de tempos” Esta acción consiste no desenvolvemento dunha experiencia piloto de banco de tempo a desenvolver durante un período de tempo aproximado de seis meses e nunha entidade asociada do proxecto. Polo seu carácter innovador, nesta experiencia piloto, articúlanse mecanismos de avaliación específicos, establecéndose un seguimento esencialmente cualitativo que permitiría determinar a idoneidade desta práctica para mellorar a conciliación da vida familiar, laboral e persoal.

En síntese, o Proxecto Conta con elas enmarcado dentro da iniciativa Equal do Fondo Social Europeo no pilar IV impulsa, de xeito experimental, a súa posta en marcha, entendendo os “bancos do tempo” como unha medida que favorecerá a conciliación da vida familiar, laboral e persoal dos homes e das mulleres.

O SENTIDO DA AVALIACIÓN DO BANCO DO TEMPO

A avaliación é algo moi útil para o conxunto de persoas, organizacións ou institucións que participan, promoven e xestionan un banco do tempo. A avaliación concíbese como un proceso que permite coñecer desde un principio, e máis alá do que permitiría un simple seguimento, o que se está a facer, quen, como, cando e onde para consideralo en relación cos obxectivos, resultados e logros acadados. Todo iso tendo en conta uns criterios valorativos preestablecidos, quer cientificamente, quer por proposta de quen impulsa a acción. Neste sentido, hai que insistir en que a avaliación permite ter unha comprensión global da interacción entre a planificación, deseño e posta en práctica. Asemade, a avaliación debe formar parte de todo o proceso, desde o principio e de forma planificada, o que facilita cambios e correccións de seren necesarios e viables, ata o final, cando xa se poderían avaliar resultados, efectos e, se cadra, impactos.

A utilidade da avaliación consiste tamén en que se trata dun proceso formativo que permite que os actores implicados –institucións, organizacións e persoas- aprendan e se fagan conscientes das súas prácticas para as afirmar ou modificar. A propia metodoloxía empregada para avaliar permite aos actores implicados contar cun instrumento cualificado para o proceso de reflexión que debe acompañar a acción.

METODOLOXÍA

Este informe de avaliación dos bancos do tempo en Vigo refírese, fundamentalmente, á etapa previa e inicial para a implementación dos bancos do tempo, e complétase coa análise da súa posta en marcha e do funcionamento das secretarías. O plano temporal deste traballo dá comezo no mes de febreiro, coas primeiras xornadas de formación, e acompaña o desenvolvemento dos bancos do tempo -facendo seguimento- ata o final do proxecto no mes de decembro. Somos conscientes de que esta avaliación non vai a entrar nun aspecto tan relevante para a continuidade dos bancos do tempo como é a avaliación dos resultados, importante para os procesos de toma de decisións, nin moito menos na avaliación do impacto, importante para ver en que medida responde aos obxectivos propostos, posto que esta só se podería facer despois dun tempo mínimo de funcionamento. Con todo, consideramos moi importante facer unha valoración do punto de partida xa que pode condicionar o proceso de posta en marcha dos bancos do tempo así como os resultados que se poden acadar. Asemade, destacar a importancia da avaliación continua pois permite tomar decisións de cara a mellorar o proceso de implementación da acción.

En coherencia coas consideracións expresadas sobre a avaliación e cos obxectivos -tanto desta acción como do propio proxecto no que se enmarca- deséñase unha metodoloxía flexible e de proceso que permite coñecer e reflexionar sobre as posibilidades e dificultades ás que se enfrenta a creación deste innovador servizo comunitario. Esta escolla metodolóxica precisa de diversas técnicas que se complementen e a práctica científica ten demostrado que, nestes casos, as máis útiles son as cualitativas.

Para esta avaliación dos bancos do tempo empregáronse varias técnicas:

A análise documental, revisando toda a documentación elaborada en relación cos bancos do tempo de acordo cuns criterios fixados previamente.

A observación participante, coa presenza e participación do equipo avaliador na presentación da acción, nas accións de formación, na presentación pública do banco do

tempo na parroquia de Valadares así como noutras actividades. Asemade, emprégase a observación para avaliar o emprazamento e a dotación dos bancos do tempo na cidade de Vigo, neste caso atendendo a distintos criterios para valorar a localización, a visibilidade, a accesibilidade e os recursos.

A entrevista en profundidade, centrada nas opinións, percepcións e valoracións das persoas responsables da dinamización dos bancos do tempo do proxecto Conta con elas e das persoas responsables das secretarías.

Por último sinalar que tería sido interesante para a avaliación dos bancos do tempo entrar na análise das persoas usuarias, das súas motivacións para se asociar aos bancos do tempo, do seu grao de satisfacción en relación coas demandas e necesidades ou incluso na análise das posibles suxestións, queixas, problemas, etc. Con todo, a información sobre as persoas usuarias, iniciada e elaborada neste momento a partir das bases de datos dos bancos do tempo e das reunións mantidas ata o momento, parécenos fundamental para a avaliación de resultados, cuxa aproximación se reflicte no informe elaborado pola persoa responsable desta acción no proxecto Conta con elas.

Na análise documental trabállanse materiais como os documentos que teñen unha función de publicidade e difusión: carteis, anuncios, folletos, dípticos, boletíns, etc.; documentos que teñen unha función de procedemento como informes e memorias, criterios de valoración para a adxudicación do banco do tempo, criterios de selección das persoas encargadas das secretarías, bases reguladoras, etc. Ademais valorouse, polo importante que é neste caso, a presenza e a mensaxe das novas publicadas nos medios de comunicación, así como os materiais empregados nas accións de formación. Con esta revisión pretendemos aproximarnos a algúns elementos significativos para a avaliación dos bancos do tempo, como por exemplo, a visibilidade ou invisibilidade, a linguaxe, os contidos, o discurso, a mensaxe, as imaxes, etc. nunha análise que contempla a perspectiva de xénero.

Para realizar a análise documental deseñouse un pequeno guión centrado nos aspectos máis importantes relacionados coa información, difusión, recollida de información, informes, etc.

- Elementos de difusión: carteis, folletos, boletíns, fotos, anuncios, noticias e reportaxes en medios de comunicación, páxinas web e ligazóns.
- Normativa de funcionamento e bases reguladoras.
- Sistemas de recollida de información: fichas, formularios e bases de datos.
- Informes e memorias.

Esta técnica empregouse con carácter instrumental tanto para análise da acción formativa como para a análise das secretarías.

A observación e a observación participante permite a quen investiga valorar directamente, e segundo criterios previamente establecidos polo equipo avaliador, cuestións que poden pasar desapercibidas ou seren vistas de diferente maneira polas persoas informantes. A observación participante permite obter información máis alén da que se facilita verbalmente e incluso máis da que as persoas informantes expresarían. Ambas técnicas permiten a implicación da persoa que investiga nas actividades que se desenvolven, permiten comprobar quen fai que, canto e como, así como tomar nota das diversas circunstancias relacionadas co espazo e co tempo.

Para a realización da observación elaborouse un pequeno guión pensando sobre todo en aspectos obxectivos relacionados coas características físicas da propia secretaría e o lugar onde están emprazadas.

- Emprazamento: localización do banco do tempo no barrio, visibilidade, accesibilidade, sinalización, etc.
- Características físicas da secretaría: localización dentro do edificio, visibilidade, accesibilidade, sinalización, espazo, mobiliario, equipamento, etc.

A observación participante, realizada nas actividades de formación e presentación dos bancos do tempo, centrouse en aspectos como a participación e implicación das persoas e asociacións, as preocupacións e dúbidas expresadas, as motivacións e interaccións e a calidade das súas achegas e reflexións.

A entrevista en profundidade pareceunos a técnica máis idónea para obter información directa e sen interferencias, de primeira man, sobre o papel das persoas encargadas de dinamizar os bancos do tempo. O guión da entrevista deseñouse para que afloraran motivacións, percepcións, valoracións sobre as posibilidades, dificultades e atrancos para acometer esta acción. Neste caso realizáronse 5 entrevistas en profundidade.

Para a realización das entrevistas elaborouse un guión flexible pensando en que estas ían dirixidas tanto a persoas responsables do proxecto como a persoas responsables das secretarías. As entrevistas centráronse en cuestións de proceso e en cuestións de funcionamento, así como nalgúns elementos de percepción sobre os obxectivos do banco do tempo e as súas posibilidades. O guión para a entrevista contemplou diversos aspectos que, expresados de forma sintética, estarían contidos nas seguintes liñas:

- A creación dos bancos do tempo.
- Actividades previas a posta en marcha: información, formación, sensibilización, convocatorias, etc.
- Actividades para a posta en marcha: convocatoria, proxecto, selección e adxudicación.
- Recursos asignados: económicos, materiais, outros.
- As secretarías do banco do tempo: data de inicio da actividade, emprazamento, características, horario.
- Persoa responsable da secretaría: proceso de selección, perfil, experiencia, formación previa e perspectivas de futuro.

- Actividades da secretaría: información, difusión, coordinación, reunións, presentacións, entrevistas ás persoas usuarias, dinamización, sistematización da información, etc.
- Participación e implicación da asociación veciñal, grupo de apoio e actividades de dinamización.
- Percepción das persoas entrevistadas respecto do papel dos bancos do tempo en relación coa igualdade e a conciliación, necesidades expresadas e posibilidade de detectar outras necesidades a través do banco do tempo.
- Posibilidades de manter o banco do tempo unha vez que finalice o proxecto Conta con elas.

A IMPLEMENTACIÓN DOS BANCOS DO TEMPO

O proxecto Conta con elas contempla dúas fases para levar acabo a acción dos “bancos do tempo”. Unha primeira fase, que consistiu na formación e sensibilización para a creación dos bancos do tempo no territorio; as accións concretas nesta fase son: a realización dun taller formativo dirixido ás persoas responsables de asociacións veciñais e de asociacións de mulleres, a sensibilización e asesoramento directo desde o equipo do proxecto Conta con elas sobre a posta en marcha dos bancos do tempo, e a avaliación por parte da Universidade do interese das organizacións na posta en marcha dos bancos do tempo no territorio. Nunha segunda fase, o Proxecto Conta con elas financia a posta en marcha, de xeito experimental, dos bancos do tempo na cidade de Vigo.

A formación e sensibilización para a creación dos bancos do tempo no territorio

O proxecto Conta con elas organizou tres obradoiros de formación. O primeiro “Posta en marcha e mantemento de Bancos do Tempo” dirixido a representantes de asociacións de mulleres e asociacións veciñais da área de Vigo desenvolvido os días 22, 23 e 24 de febreiro de 2007 e impartido pola asociación “Salud y Familia”. Foi neste obradoiro no que participou este equipo avaliador da Universidade, por requirimento explícito do proxecto, para valorar o interese das organizacións e as posibilidades para a posta en marcha dos bancos do tempo en Vigo. Un segundo obradoiro “Taller de formación para a posta en marcha e xestión das secretarías dos bancos do tempo” levouse a cabo o día 14 de abril. Este obradoiro tiña como obxectivo a formación específica das persoas responsables das secretarías e incidía sobre aspectos concretos da súa posta en marcha e funcionamento como por exemplo as funcións do equipo xestor da secretaría, a xestión administrativa da secretaría e todo o relacionado con normas, entrevistas, rexistros, programación das actividades, balances, etc. En decembro, os días 10 e 11, houbo varias actividades; celebrouse outro obradoiro para ir afondando na formación e na resolución de dúbidas e problemas que foron xurdindo no día a día dos bancos do tempo, así como outras actividades como visitas aos bancos do tempo e reunións coas persoas responsables e coas persoas usuarias. Este obradoiro e as actividades estiveron dirixidas por Josefina Altés da asociación “Salud y Familia”.

A posta en marcha dos bancos do tempo na cidade de Vigo

Na segunda fase, o proxecto Conta con elas, como paso previo a constitución dos bancos do tempo, realizou un proceso de información e de entrega de documentación coas condicións da convocatoria ás asociacións participantes na primeira acción formativa. Posteriormente, abriuse un prazo para a presentación de proxectos por parte das asociacións interesadas, e a continuación levouse a cabo a selección e a adxudicación dos bancos do tempo.

Inicialmente, o proceso de selección desembocou na adxudicación do banco do tempo á FAVEC, con cinco secretarías emprazadas en distintos lugares do concello, todas elas vinculadas a cadansúa asociación veciñal. A adxudicación apóiase no argumento de que a FAVEC ofrece a maior repercusión posible na cidade, cun potencial maior de mobilización de asociacións e persoas; ademais da secretaría central, situáronse catro puntos máis correspondentes a asociacións federadas que participaron na acción de formación inicial, secretarías que combinan o espazo rural e o urbano, tratando de chegar ao maior número de persoas posible e cun perfil plural. Os emprazamentos das secretarías son os seguintes: no centro, a Federación Veciñal de Vigo “Eduardo Chao”, a AV. Fonte do Galo e a AV. A Paz; na periferia a AV. de Coruxo e a AV. de Candean. Estas secretarías inician a súa andaina a partires do mes de xuño.

Posteriormente prodúcese unha nova adxudicación dun banco do tempo á parroquia de Valadares, xestionado conxuntamente polo C.Cultural e Recreativo de Valadares, a Asociación de Mulleres “ Pedra Vella” e a Asociación da Terceira Idade “Nevox”, que comeza a funcionar no mes de setembro. Esta nova adxudicación é consecuencia do interese e da capacidade da parroquia de Valadares e das súas asociacións para dinamizar un banco do tempo e como consecuencia da súa demanda explícita.

Análise da acción formativa “Obradoiro de formación para a posta en marcha e mantemento das secretarías dos bancos do tempo”.

A presenza e a participación das persoas encargadas da avaliación en toda a acción formativa permite coñecer de primeira man o que está a acontecer nas xornadas de formación, a predisposición, a implicación e o compromiso das persoas participantes e das organizacións que representan. Asemade, permite compartir información e experiencias, identificar as resistencias e as incertezas das persoas participantes. Ademais, permite que as avaliadoras non sexan vistas como avaliadoras externas, senón como persoas interesadas na posta en marcha dos bancos do tempo como unha estratexia de conciliación innovadora.

Os elementos que se tiveron en conta para avaliar esta formación foron: os obxectivos, os contidos, a poboación destinataria, a poboación participante. Ademais destes elementos tívose en conta neste caso concreto a secuencia temporal –o prazo de tempo entre a difusión da acción e a súa realización- como un elemento importante para a avaliación do banco do tempo dentro das accións do proxecto Conta con elas. Os criterios empregados para avaliar a formación, sempre con perspectiva de xénero, teñen que ver coa cobertura, pertinencia, coherencia, eficacia e eficiencia.

Como ferramenta para avaliar a formación elaborouse un cuestionario co que se pretende obter unha información xeral e uniforme das entidades e persoas que participaron na acción formativa. Este cuestionario é de carácter aberto e flexible; o deseño das preguntas ten carácter aberto porque busca información cualitativa, busca que afloren as percepcións en forma de iniciativas ou resistencias para a acción, as potencialidades das organizacións participantes, etc. A flexibilidade da ferramenta incorpórase coa presentación e explicación previa do equipo avaliador no momento de ser cuberto e dando as aclaracións que foron precisas. A información obtida a través dos cuestionarios completouse coa revisión da documentación do proxecto e do material elaborado polas persoas responsables de impartir o taller formativo.

O resultado da análise da acción formativa ímolo concretar a través dos elementos e criterios xa referidos.

En relación cos obxectivos, o proxecto Conta con elas pretendía que esta acción formativa servise para formar e sensibilizar, como medio para dinamizar os bancos do tempo en Vigo. En relación co obxectivo inmediato de formar e sensibilizar ás persoas participantes podemos afirmar que foi acadado. Non obstante, debemos dicir que a secuencia temporal –o prazo de tempo entre a difusión da acción e a súa realización– dificultou que a cobertura desta acción non fose a hipoteticamente desexable, cuestión que en certa medida minguou a súa eficacia e eficiencia.

En canto aos contidos, hai que dicir que se trataron os aspectos teóricos fundamentais como: que é un banco do tempo, a súa historia, o seu uso como ferramenta de promoción da convivencia, o papel e as funcións da secretaría, a documentación para a xestión diaria, ou outras cuestións referidas a como se pode formar parte do banco do tempo, que se adoita intercambiar, etc.

Nos aspectos prácticos traballouse: a entrevista de acollida e de seguimento, as habilidades persoais básicas para a atención ás persoas usuarias dos bancos do tempo, a dinamización das secretarías, o traballo en rede con outras asociacións, a aplicación das novas tecnoloxías, etc.

A metodoloxía foi activa e participativa con moito peso no formato obradoiro, o que permitiu unha transmisión dos coñecementos de forma adecuada ao obxectivo de formar e sensibilizar. Ademais diso, a todas as persoas participantes se lles proporcionou unha carpeta de documentación con todos os contidos impartidos.

En relación coas persoas responsables da formación, hai que dicir que se trataba de persoas moi expertas e con boas habilidades para comunicar. Transmitiron proximidade e facilitaron o contacto posterior ao curso e o asesoramento e o apoio ata o final do proxecto.

Outro elemento analizado é o momento e o tempo no que se toman as decisións e se poñen en marcha as distintas actividades, pois isto nos parece un elemento clave que podería explicar a non consecución de obxectivos en relación coa poboación

destinataria e polo tanto con consecuencias sobre o obxectivo último da acción formativa que é a dinamización dos bancos do tempo. Desde o noso punto de vista a dinamización da acción bancos do tempo, que dependía da responsabilidade política, iníciase tarde e cando comeza, en febreiro do 2007, faise de forma precipitada. Isto parécenos determinante para o logro dos obxectivos, pois non se contou co suficiente tempo para incorporar un número maior de asociacións de Vigo tendo en conta que o traballo de implicación necesita vagar, pero tampouco foi posible facer ningunha rectificación. En concreto, desde a presentación pública dos bancos do tempo (9 de febreiro) ata a data de remate de inscrición nas xornadas de formación (16 de febreiro) só transcorreron sete días naturais, prazo totalmente insuficiente para o que son as dinámicas asociativas, en especial neste tema dos bancos do tempo no que, en xeral, tanto asociacións coma persoas carecen de experiencia e de coñecemento.

En relación coa poboación participante, sinalar que asistiron un total de 27 persoas representado a diversas entidades, sendo a heteroxeneidade a característica máis salientable. No que se refire ás institucións e organizacións, destaca a participación do persoal técnico dos concellos (Vigo, Redondela, Porriño, Nigrán, etc.), do persoal de fundacións e organizacións que traballan en diversos ámbitos de exclusión social, das asociacións veciñais e de mulleres, fundamentalmente do concello de Vigo, e de persoas do propio proxecto Conta con elas. En concreto, do movemento asociativo veciñal participaron só 5, de muller 2 e do ámbito da exclusión social 4. Nalgúns casos houbo máis de unha persoa por asociación ou institución. Heteroxeneidade que tamén se reflicte no papel desempeñado polas persoas participantes nas respectivas organizacións, que vai desde persoas con capacidade de decisión e persoal técnico cualificado ata voluntariado de base.

A prioridade desta acción formativa, no que se refire á poboación destinataria, era o movemento asociativo veciñal porque se trataba de dinamizar un servizo comunitario destinado a toda a cidadanía, entendendo que os recursos dispoñibles no proxecto estarían mellor empregados nun tipo de asociación amplo e de implantación no territorio. Analizando a poboación participante, vemos que non se acadou o obxectivo de cobertura xa que a presenza do movemento veciñal é manifestamente escasa, só cinco de dezanove entidades presentes no curso, e a cobertura é aínda máis escasa se a

relacionamos coa poboación hipoteticamente destinataria, prioritariamente todas as asociacións veciñais e de mulleres actúantes no territorio vigués. Isto sen contar con que ao ser un proxecto da MAIV podería terse estendido a convocatoria a asociacións doutros concellos da mancomunidade.

Na poboación participante tamén destaca a diversidade da súa formación. A meirande parte ten estudos específicos do campo da acción social, medios ou superiores, e/ou cunha longa experiencia na aplicación de programas sociais. Asemade un pequeno grupo de persoas que, malia careceren dunha cualificación específica, teñen experiencia por teren participado abondo no tecido asociativo do seu barrio.

O interese ou a motivación das persoas ou da asociación/organización en participar nesta acción formativa está relacionado coa posibilidade de aprender o necesario, quer para poñelo en marcha, quer para participar activamente neles, e tamén coa necesidade de integración e participación social para construír tecido social.

En xeral, as persoas participantes valoraron moi positivamente o interese, a utilidade e a pertinencia dos contidos desenvolvidos nas xornadas, en especial a utilidade da información e da formación ofrecida. As persoas participantes no curso consideran que o máis acaído en relación cos contidos e actividades é todo o que ten que ver coa organización, funcionamento e xestión dun banco do tempo. De feito, destacan que coñecer da man de persoas moi experimentadas neste programas as dificultades, os obstáculos e as mellores solucións para a creación e o mantemento dun banco do tempo foi a principal fortaleza desta acción formativa. Dunha forma máis específica, algunhas persoas destacaron o interese das dinámicas relacionadas coas habilidades sociais que se desenvolveron no obradoiro.

Consideran, de xeito unánime, que esta formación é motivadora para a acción. A exhaustividade da información e a metodoloxía empregada permite despexar as dúbidas e incertezas mais importantes, permite reflexionar sobre o que vas facer, compartir experiencias e formular a creación e o apoio a un banco do tempo, por ser este tipo de programa algo que entronca co que facer e cos obxectivos da súa asociación ou institución.

Todo isto vese confirmado na resposta a pregunta formulada en relación con que tipo de acción estarían en condicións de desenvolver a partires desta acción formativa, desde simplemente informar a outras persoas sobre os bancos do tempo, sensibilizar sobre a importancia e a utilidade do BT, apoiar con recursos un BT creado por outra entidade ata participar na creación dun BT ou incluso activar un BT propio. Neste sentido, destaca o feito de que 18 das persoas participantes na formación estarían dispostas a participar na creación dun BT ou a activar un BT na propia asociación. Neste mesmo sentido destaca que ningunha persoa deixa de marcar algunha das posibilidades propostas.

A maioría das persoas consideran que si teñen posibilidades reais de poñer en marcha un BT. As persoas que non responden positivamente a esta pregunta son as que asisten ao curso como persoal da administración interesado neste tipo de programas sociais pero que non teñen, por elas mesmas, posibilidades de poñelo en marcha. As que responden positivamente expresan como razóns para poder poñer en marcha un banco do tempo: que contan con recursos concretos -como locais ou persoas-, que consideran que teñen unha importante inserción no territorio, que existe afinidade de valores e de obxectivos entre os da asociación e os do banco do tempo e que se podería complementar o labor que xa veñen facendo con outros programas impulsados desde as institucións públicas. Ademais, expresan claramente como unha fortaleza que teñen coñecemento da realidade inmediata e que están implicadas nas actividades cotiás do seu barrio.

Este coñecemento do propio contexto fai que sexan conscientes da existencia de necesidades que os programas de benestar social non poden cubrir, nomeadamente as necesidades que teñen que ver co acompañamento, co intercambio cultural e xeracional -non só de servizos ou necesidades instrumentais-, coa integración social, coa solidariedade na vida cotiá, coa sensación de utilidade e de servir para algo ou de posuír saberes que outras persoas necesitan. A necesidade de conciliar é outra das cuestións sinalada pola maioría. Necesidades elementais como poder saír da casa, poder acudir a unha entrevista de traballo ou simplemente ir ao médico ou ao banco, aparentemente fáciles de resolver, son atrancos importantes para moitas persoas, especialmente se o

vemos con perspectiva de xénero. Estas cuestións transmítense con claridade nos cuestionarios.

Todas estas reflexións permiten facer unha valoración positiva do resultado da formación en relación coa comprensión e interiorización dos valores máis destacados do banco do tempo.

Por outra parte hai que sinalar a unanimidade respecto de que o banco do tempo permitiría detectar outras necesidades da poboación. Para alén desta afirmación, algunhas persoas participantes expresan que isto débese precisamente a que o banco do tempo baséase nas relacións persoais, na implicación das persoas e na súa interacción. O banco do tempo permite coñecer e analizar planos da realidade que, normalmente, se escapan a outros sistemas de detección de necesidades. Malia que non aparece expresado explicitamente, está implícita a idea de que este sistema de diagnose é moi dinámico e que constantemente pode detectar novas necesidades.

En relación cos recursos para a posta en marcha do banco do tempo hai coincidencia xeneralizada en que, como punto de partida, contan con espazos físicos e con persoas dispostas a traballar, no sentido de que se dispón dunha organización ou asociación que o sustentaría, que conta con recursos materiais -locais, oficinas, ordenadores, etc.- e con recursos humanos -persoas, redes e experiencia en traballo comunitario- capaces de dinamizar un banco do tempo. Malia contar con recursos, fan referencia a que necesitarían o apoio inicial para a difusión e para a todo o que supón poñer en marcha o banco do tempo, en definitiva, recursos económicos cos que cubrir as cuestións básicas e asemade o persoal especializado.

Os principais obstáculos para poñer en marcha un banco do tempo teñen que ver co anteriormente dito -recursos económicos e persoas expertas- e con superar o descoñecemento e a desconfianza que, inicialmente, puidera sentir a poboación. O reto consiste en dar a coñecer esta posibilidade de intervención social para que a poboación entenda o verdadeiro sentido do banco do tempo. Poñelo en marcha coa axuda institucional non parece presentar tantos problemas como poderlle dar continuidade unha vez que finaliza o proxecto.

Análise das Secretarías do Banco do Tempo

Os elementos analizados neste apartado son: as características físicas e o emprazamento da secretarías dos banco do tempo, as cuestións de proceso e de funcionamento das secretarías, así como algúns aspectos referidos ás percepcións das persoas responsables sobre os obxectivos e as posibilidades do banco do tempo. Asemade revisouse a documentación relacionada coa información e a difusión dos bancos do tempo. Para avaliar o primeiro dos elementos referidos consideráronse criterios como a accesibilidade, a visibilidade, a idoneidade da localización, os espazos, os horarios e o equipamento. Nas cuestións de proceso e de funcionamento os criterios empregados foron a cobertura, a eficacia, a implicación, a imbricación, a sistematización da información e da difusión, etc. Por último, no que respecta ás percepcións das persoas responsables, a idoneidade e a sostibilidade dos bancos do tempo foron os aspectos nos que máis se insistiu. Os criterios referidos non son exclusivos de cada elemento, nin os únicos, senón os máis significativos en cada caso.

- Emprazamento: localización do banco do tempo no barrio, visibilidade, accesibilidade, sinalización, etc.
- Características físicas da secretaría: localización dentro do edificio, visibilidade, accesibilidade, sinalización, espazo, mobiliario, equipamento, etc.
- As persoas responsables: selección, perfil e formación.
- Relación e presenza do banco do tempo nas actividades da asociación. Implicación da asociación.
- O logro da igualdade e a conciliación a través dos bancos do tempo.
- O mantemento e as posibilidades dos bancos do tempo.

A cuestión do emprazamento das secretarías é moi importante, non só a situación no barrio ou na cidade senón dentro do propio local asociativo, e isto por varios motivos.

En primeiro lugar, a iniciativa dos bancos do tempo é un tipo de servizo comunitario descoñecido na cidade de Vigo, os apoiados polo proxecto Conta con elas son os primeiros bancos do tempo e están en fase experimental. En segundo lugar, son servizos nos que o protagonismo corresponde ás persoas usuarias e o seu éxito depende do dinamismo que elas lle impriman.

Daquela, o banco do tempo debe estar ben situado na cidade ou no barrio. O seu emprazamento debe estar ben indicado nos carteis e folletos de difusión e debe contar con sinalización na rúa. Debe estar ben visible, non só para quen o busque senón precisamente para quen nin sequera o busque e incluso para as persoas que non coñezan a súa existencia.

Ademais da visibilidade, outro aspecto importante é o da accesibilidade, tanto no acceso ao edificio onde está a secretaría como no acceso á propia secretaría dentro do edificio da asociación. Hai que pensar que ningunha persoa usuaria debe ter atrancos para chegar ata ela, e precisamente por tratarse deste tipo de servizo podemos contar con que debe ser prioritario atender as necesidades de acceso de persoas con problemas de mobilidade, persoas maiores ou persoas acompañadas de cativos que van en carriño, etc.

Dentro do edificio da asociación ou institución que promova o banco do tempo o espazo que ocupe a secretaría é moi importante e moi significativo. A secretaría debe ocupar un espazo suficientemente amplo para que as persoas usuarias ou visitantes realicen con comodidade as xestións de información ou de trámite. Ademais, este espazo debe permitir a suficiente discreción para realizar as entrevistas. O mobiliario dispoñible na oficina debe ser axeitado para as funcións de xestión, entrevistas e arquivo. Ademais, é preciso poder contar cun espazo suplementario, multiusos, equipado de mobiliario mínimo e movable para realizar as importantes actividades de dinamización do banco do tempo, como por exemplo reunións de persoas usuarias, dinámicas de animación e reunións do equipo de xestión do banco, etc.

Nos taboleiros do centro ou asociación e nos lugares das carteleiras débese poder constatar a presenza do banco e das súas actividades dunha forma destacada, así como a imbricación das actividades do banco do tempo coas da propia asociación que o

promove ou acolle. Este é un elemento importante para xerar confianza e vencer as resistencias das persoas potencialmente interesadas no banco, pero que polo descoñecemento do seu funcionamento manteñan reservas respecto de se incorporar. Un primeiro paso para vencer as resistencias é o aval e o apoio da asociación, pero con isto non abonda e é preciso que se transmita a idea da conexión do banco do tempo coas persoas e actividades máis sobranceiras da asociación. Deste xeito, con seguridade habería moitas máis persoas que se achegaran a solicitar información e servizos, e posiblemente sería unha forma de minimizar as desconfianzas.

Despois das visitas as secretarías dos bancos do tempo, unha vez analizadas estas, consideramos que é preciso mellorar algúns aspectos relacionados con estas reflexións que vimos de comentar.

En relación coa visibilidade do emprazamento do banco do tempo no barrio consideramos que se debe insistir máis na constante difusión de carteis e distribución de folletos nos lugares estratéxicos onde se realizan as actividades cotiás das persoas: centro de saúde, mercado, centros educativos, tendas, bares e cafeterías, etc. Dentro do edificio, insistir máis en algo tan importante como contar permanentemente con carteis na entrada e nas dependencias máis visitadas do local da asociación, como a cafetería, as salas de usos múltiples, a sala de ordenadores, a biblioteca, etc. Todo isto facilitaría o coñecemento do banco do tempo ao maior número de persoas posible.

Debemos chamar a atención sobre as barreiras para a accesibilidade á secretaría do banco do tempo dentro do propio edificio. Das visitas realizadas aos emprazamentos das secretarías dos bancos do tempo constatamos que na maioría dos casos é preciso salvar varios tramos de escaleiras xa que non se conta con ascensor.

Tamén sería doado mellorar o espazo e o equipamento. Neste sentido, bótanse a faltar espazos máis idóneos, como por exemplo no caso da Federación, na que a secretaria do banco do tempo realiza o seu traballo no salón de actos e nin sequera coñecía as posibilidades do local de cara á importante función dinamizadora. Noutras secretarías compártese un espazo moi pequeno con outras actividades da asociación. Polo que respecta ao equipamento, o que se precisa é mínimo pero indispensable. Sería moi

doado dotar de andeis e material para arquivo, por exemplo, para facilitar a organización e o aproveitamento de toda a documentación. A impresión recibida é que se cadra houbo fallos relacionados coa implicación nesta acción.

Na análise das secretarías, outro dos aspectos fundamentais refírese ás persoas responsables destas posto que son piares e pezas claves para o bo funcionamento e a sostibilidade dunha experiencia destas características.

Respecto do proceso de selección das persoas que ocupan as secretarías empregáronse dúas opcións, distintas e acaídas ao perfil do banco do tempo en cada caso. No caso da Federación, no que unha mesma persoa vai traballar en distintos barrios, non pode actuar como requisito a implicación directa da persoa na asociación concreta. Pola contra, no caso de Valadares buscou, deliberadamente, a implicación da persoa responsable da secretaría nas actividades da asociación. Daquela, no primeiro caso primou o perfil profesional e formativo, e no segundo o coñecemento directo da asociación e das persoas do barrio e a implicación cos obxectivos xerais da propia asociación. En coherencia co anterior, a traxectoria relevante en cada caso pon o acento en cousas distintas, nun caso na experiencia profesional en programas institucionais e no outro no voluntariado.

As persoas ao cargo das secretarías participaron en accións formativas sobre os bancos do tempo, aínda que en diferentes accións. No caso da Federación, as responsables das secretarías non participaron na formación organizada polo proxecto e si participaron nunha xornada de formación de 8 horas, financiada pola Secretaría Xeral de Igualdade e valorada positivamente pola persoa entrevistada, especialmente no que se refire aos coñecementos sobre bancos do tempo e as posibilidades de intercambiar ideas e experiencias así como pola importancia de interaccionar coas demais persoas participantes. No caso de Valadares, as persoas responsables de poñer en marcha os bancos do tempo na parroquia participaron nas accións formativas de bancos do tempo organizadas polo proxecto Conta con elas, formación que valoran moi positivamente as persoas entrevistadas. Ademais hai que destacar que o grupo de persoas responsables de levar adiante esta experiencia e de dirixir o banco do tempo da asociación de Valadares participaron nas diferentes accións de formación do proxecto Conta con elas de maneira

activa, demostrando con elo unha gran motivación e implicación, aspectos fundamentais para o éxito dos bancos do tempo.

Sinalar que esta formación específica realizada polas persoas ao fronte das secretarías permitiu establecer un vínculo operativo, e constante ata o momento, coas persoas responsables desta formación. Esta facilidade no acceso ás persoas responsables da formación permite a resolución de dúbidas e problemas, e dá seguridade ás persoas encargadas de impulsar as secretarías do banco do tempo.

Polo que respecta á praxe cotiá sinalar que nas secretarías se realizan actividades diversas que supoñen unha importante carga de traballo para as persoas responsables. As máis significativas teñen que ver con aspectos como a difusión, por exemplo a realización de contactos cos medios de comunicación para a realización de entrevistas ou reportaxes, información puntual, boletíns, o reparto sistemático de folletos e carteis en lugares estratéxicos do barrio, a organización de visitas a outras asociacións do barrio ou da parroquia, a presenza en actos e actividades da propia asociación ou doutras asociacións do barrio ou da cidade. Ademais realízanse outras actividades diarias e importantes como a recollida sistemática de información, a organización, rexistro e actualización da mesma, a creación e consulta de bases de datos, etc.

O contacto directo coas persoas usuarias do banco do tempo por medio de e-mail, teléfono ou de entrevistas na propia secretaría é un dos piares do traballo en bancos de tempo para superar as dificultades iniciais, para eliminar as barreiras da desconfianza, aclarar as demandas e as ofertas e aproveitar todo o potencial das persoas, que moitas veces non son conscientes do valor das súas capacidades e polo mesmo non as fan explícitas nas entrevistas, sendo preciso un traballo de exploración de competencias e de necesidades en cada entrevista e reunión.

Asemade realízanse reunións de distinto tipo como por exemplo reunións entre persoas usuarias con distinto perfil, reunións de planificación, reunións de coordinación e de seguimento e todas as necesarias para levar adiante todo o relacionado co banco do tempo

Con todo, ademais destas actividades de carácter común a todas as secretarías, percíbese un carácter específico que diferencia ás secretarías da Federación respecto da secretaría de Valadares e que ten que ver co proceso de creación das mesmas. No caso da Federación percíbese un peso maior da profesionalización e menor implicación asociativa fronte a Valadares, cuxa secretaría se apoia nun importante á par que numeroso grupo de persoas asociadas á entidade cunha importante traxectoria dentro da asociación e que representan a heteroxeneidade do barrio, grupo no que tamén destaca o peso da vocalía da muller. Este grupo, formado por nove persoas, ten un funcionamento orgánico e reúnese semanalmente para executar as tarefas e realizar a planificación do traballo.

No caso das actividades realizadas no banco do tempo de Valadares destaca a presentación do banco do tempo na parroquia, feita no novo local da asociación. Foi un acto preparado primorosamente no que participaron activamente un numeroso grupo de persoas que explicaron a historia e o funcionamento do banco e que representaban a diversidade de necesidades e de perfíles persoais que poden vincularse a un banco do tempo. Logrou unha asistencia moi destacada, o novo salón de actos estaba practicamente cheo. Destacar que o banco do tempo ten presenza, por medio de stands ou mesas, en todos os actos e eventos que realizan tanto a asociación veciñal como outras asociacións da parroquia de Valadares. Asemade realiza reunións de información e coordinación con outros barrios próximos, aspecto fundamental para a dinamización dos bancos do tempo.

En relación con outros aspectos da praxe e a xestión, no desenvolvemento das entrevistas apuntáronse algunhas cuestións referidas a posibles melloras na liña da dinamización, da motivación e a solución das dúbidas de cara, por exemplo, a optimizar o traballo de sistematización de datos. A necesidade de contar cun currunchito informal para a interacción entre as persoas usuarias, vai na liña da dinamización do banco e da motivación das persoas. Canto maior é o contacto e o coñecemento mutuo entre as persoas usuarias maiores son as posibilidades de superar as desconfianzas e de animarse a participar nos bancos do tempo. Non é de estrañar que esta demanda se puxese de manifesto no banco de tempo da Federación, pois este preténdese implantar nun tecido urbano onde o descoñecemento entre a veciñanza e moito maior que no caso do rural.

Outra das liñas de traballo en relación coa dinamización e a interacción das persoas podería ser o intercambio de cousas, como por exemplo libros tal e como se apunta na secretaría da Federación.

En relación co funcionamento dos bancos do tempo hai que destacar que ata o momento de recollida de información non se ten producido ningún incidente, queixa ou reclamación por parte de persoas usuarias ou colaboradoras.

En relación coa percepción que teñen as persoas responsables dos bancos do tempo respecto do apoio da AD do proxecto Conta con elas, as persoas entrevistadas perciben o apoio proporcionado polo persoal do proxecto pero non polas entidades como tais.

O logro da igualdade, como obxectivo final deste proxecto, concrétase nos bancos do tempo a través das posibilidades destes para a conciliación. Nas entrevistas o centro de atención xirou en torno ás cuestións relacionadas coas necesidades da poboación que, eventualmente, puideran ser atendidas desde un banco do tempo. Neste sentido, as demandas e as ofertas máis frecuentes teñen que ver coa atención ás persoas, coa compañía e o ocio, así como con habilidades instrumentais que permiten resolver problemas cotiás. É importante sinalar que detrás destas demandas afloran capacidades e incapacidades aprendidas que están directamente relacionadas coa construción cultural do xénero e cos procesos de socialización, nas que tamén inflúe a idade das persoas. A medio prazo é posible que vaian aflorando máis outro tipo de necesidades, en forma de demanda, que teñen moito que ver coa necesidade de mitigar a soidade e o illamento característicos da sociedade actual cada vez máis instrumental e que tamén se pode analizar con perspectiva de xénero.

Desde a perspectiva de xénero, os bancos do tempo poden chegar a ser pezas importantes nas estratexias para o logro da igualdade, na medida en que intentan desprazar o foco de interese desde a centralidade do chamado espazo produtivo cara ao reprodutivo, pondo en valor os saberes propios do espazo do coidado. Neste sentido é importante destacar que os bancos do tempo igualan todas as demandas e as ofertas, pois a medida de valor de todas as actividades requiridas e ofrecidas é o tempo que se tarda en realizalas, superando deste modo as consecuencias negativas que para as

mulleres ten a actual división sexual do traballo, na que os coñecementos e capacidades desenvolvidas tradicionalmente polas mulleres están desvalorizados e invisibilizados. Por último, pero non menos importante, permite que os bancos do tempo sexan empregados como unha estratexia de conciliación útil e necesaria para moitas persoas, xa que ao non se precisaren cartos para os intercambios non existen tantas barreiras económicas e calquera persoa pode tentar conciliar as necesidades da súa vida persoal, familiar e laboral.

En relación coas posibilidades de manter o banco do tempo ao remate do proxecto Conta con elas, hai coincidencia respecto de que neste momento, cando aínda comeza a súa andaina, vai ser necesario contar co apoio dalgunha institución para a súa continuidade. De non ser así córrese o risco de que os bancos do tempo non se poidan manter co esforzo exclusivo das asociacións, e que polo tanto se teñan creado unhas expectativas na poboación que por falta de medios económicos queden frustradas. No caso concreto de Valadares, en relación coa continuidade, son moi conscientes de que a súa fortaleza reside en que hai un grupo moi importante de persoas directamente implicadas que serven de sostén á secretaría e que se implican nas actividades cotiás da secretaría e incluso participan nas actividades de formación. No caso da Federación, ignoramos que vai pasar cando remate o proxecto pois non se percibe que conte cun grupo de apoio tan potente que permita a súa continuidade sen axuda externa.

CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS

A avaliación dos bancos do tempo, no punto no que nos encontramos, debe permitir que afloren as debilidades e fortalezas desta experiencia concreta nestes meses. A avaliación tamén nos vai permitir considerar as oportunidades do momento actual -marco normativo e políticas e plans de acción- que van permitir aproveitar a experiencia dos bancos do tempo na cidade de Vigo de cara a súa implantación e expansión no territorio como unha estratexia importante para a igualdade.

En relación coas debilidades e fortalezas dos bancos do tempo en Vigo, é importante ter en conta que neste momento a súa traxectoria non é suficientemente longa como para poder tirar conclusións definitivas respecto da súa eficacia. Malia iso, podemos avanzar algunhas recomendacións e algunhas liñas de traballo que se terían que abordar no futuro inmediato.

En primeiro lugar, convén salientar que a iniciativa dos bancos do tempo é un tipo de servizo comunitario inexistente ata agora na cidade de Vigo. Os bancos do tempo apoiados polo proxecto Conta con elas son os primeiros e están en fase experimental.

En segundo lugar, é preciso sinalar que son servizos nos que o protagonismo corresponde ás persoas usuarias e o seu éxito depende do dinamismo que elas lle impriman. Son un servizo comunitario de posta en valor dos recursos das persoas, centrada no contorno inmediato e nas actividades cotiás.

Malia isto, nunha primeira fase dependen do compromiso e o impulso que lle dean as institucións, que deben fornecer os recursos mínimos para sostener en parte as secretarías e facilitar os espazos e equipamentos necesarios. Ademais o apoio das institucións é fundamental para que estes proxectos teñan eco social e contén co respaldo que garante a confianza da cidadanía, pero o apoio da administración non debe chegar a desvirtuar a esencia dos bancos do tempo.

En relación coas posibilidades de manter os bancos do tempo en Vigo ao remate do proxecto Conta con elas vai ser necesario contar co apoio dalgunha institución para a súa continuidade, senón córrese o risco de que os bancos do tempo non se poidan manter co esforzo exclusivo das asociacións, e que polo tanto se teñan creado falsas expectativas na poboación participante.

Para a continuidade dos bancos do tempo queda un traballo pendente, a avaliación dos resultados acadados nesta primeira fase e dos efectos desta iniciativa, tarefa moi importante para a toma de decisións e para ver en que medida responderon ou poden responder aos obxectivos propostos. As recomendacións que se expoñen a seguir pretenden precisamente achegar elementos informativos e valorativos nesta liña.

Comezando polo funcionamento do banco do tempo destacar que a secretaría é unha peza fundamental. Realiza as funcións fundamentais no seu desenvolvemento; informa, xestiona, dinamiza e acompaña os intercambios entre as persoas usuarias, é a encargada de manter a información actualizada, de convocar reunións e sesións de grupo, e calquera outra actividade de dinamización.

A cuestión do emprazamento das secretarías é moi importante, non só a situación no barrio ou na cidade senón dentro do propio local asociativo. O banco do tempo debe estar ben situado na cidade ou no barrio, debe estar ben indicado nos carteis e folletos de difusión e debe contar con sinalización na rúa e por suposto debe ser accesible, tanto o edificio onde está a secretaría como a secretaría.

A secretaría debe ocupar un espazo adecuado para que se realicen con comodidade, autonomía e discreción as xestións de información ou de trámite. Ademais é necesario contar cun espazo para realizar as importantes actividades de dinamización do banco do tempo.

A visibilizade e a presenza dos bancos e das súas actividades débese coidar para que destaque e teña imbricación nas dinámicas da asociación que o promove ou acolle pois é un elemento importante para xerar confianza e vencer as resistencias das persoas potencialmente interesadas no banco. Na visibilidade e na presenza ten moita

importancia a difusión a través de carteis folletos e boletíns en lugares estratéxicos, así como manter un contacto constante cos medios de comunicación xerais e os propios das institucións e asociacións do territorio.

As persoas responsables das secretarías son piares e pezas claves para o bo funcionamento e a sostibilidade. Daquela, todo o relacionado co proceso de selección como a definición do perfil -formación e traxectoria-, a difusión e a convocatoria débese planificar coidadosamente. Unha cuestión a ter en conta como criterio previo é en que medida se vai considerar o perfil estritamente profesional e en que medida se vai valorar a potencialidade de implicar persoas con traxectoria nas actividades comunitarias nese mesmo territorio.

A formación específica en bancos do tempo é algo indispensable para compoñer o perfil idóneo das persoas responsables das secretarías. Se non se ten adquirido previamente é importante levala a cabo antes de comezar a xestión da secretaría. Como a dinamización dos bancos do tempo non depende exclusivamente das persoas directamente responsables das secretarías, é importante que o grupo de apoio e dinamización do banco do tempo da asociación participe nas accións de formación, pola importancia que ten o traballo comunitario neste tipo de servizo. Esta formación debe ter unha importante compoñente de sensibilización. Ademais é necesario manter un proceso de formación continua e de intercambio de experiencias e boas prácticas pois permite a resolución de dúbidas e problemas, e dá seguridade ás persoas responsables do banco do tempo.

En relación con outros aspectos da praxe e a xestión das secretarías, as melloras virían da man de aspectos relacionados coa dinamización, coa motivación das persoas e a optimización do traballo e a sistematización dos datos. Estaría ben poder contar cun currunchito informal para a interacción entre as persoas usuarias, o que vai na liña da dinamización do banco e da motivación das persoas. Canto maior é o contacto e o coñecemento mutuo entre as persoas usuarias, maiores son as posibilidades de superar as desconfianzas e de animarse a participar nos bancos do tempo, de aclarar as demandas e as ofertas e de aproveitar todo o potencial das persoas.

En relación coas oportunidades destaca que esta iniciativa de bancos do tempo se sitúa como unha proposta estratéxica desde a perspectiva de xénero e como ferramenta para lograr a conciliación, especialmente no momento presente, en que o obxectivo da igualdade ocupa un lugar destacado na axenda política, visibilizando e mobilizando recursos derivados da aplicación da normativa de igualdade e da súa concreción en plans e programas de acción.

O logro da igualdade concrétase nos bancos do tempo a través das posibilidades destes para a conciliación. Son un bo instrumento de detección de necesidades que fundamentalmente teñen que ver coa atención ás persoas, coa compañía e o ocio, así como con habilidades instrumentais que permiten resolver problemas cotiás.

Desde a perspectiva de xénero, os bancos do tempo poden chegar a ser pezas importantes nas estratexias para o logro da igualdade na medida en que intentan desprazar o foco de interese desde a centralidade do chamado espazo produtivo cara ao reprodutivo, pondo en valor os saberes propios do espazo do coidado.

BIBLIOGRAFÍA

- Alvira Martin, F. (1991) *Metodología de la evaluación de programas*. Madrid, CIS.
- Alvira Martin, F. (1997) *Metodología de la evaluación de programas: Un enfoque práctico*, Buenos Aires, Lumen.
- Amorós, C. (2005) *La gran diferencia y sus pequeñas consecuencias...para las luchas de las mujeres*. Madrid, Cátedra.
- Astelarra, J. (2005) *Veinte años de Políticas de Igualdad*, Valencia, Cátedra.
- Bustelo, M. (2004) *La evaluación de las políticas de género en España*, Madrid, Catarata.
- Bustelo, M., Lombardo, E. (2007) *Políticas de igualdad en España y Europa*. Madrid, Cátedra
- Campillo, N. (coord.) (2002) *Género, Ciudadanía y Sujeto Político. En torno a las Políticas de Igualdad*. Valencia, Institut Universitari d'Estudis de la Dona. Universitat de Valencia.
- Carrasco, C. (ed.) (2001) *Tiempos, trabajos y género*, Barcelona, Universitat de Barcelona.
- FEMP. (1992) *Administración Local y Políticas de Igualdad de la Mujer*. Madrid.
- Ferber, M. y Nelson, J. (eds.) (2004) *Más allá del hombre económico*, Valencia, Cátedra.
- García Prince, E (2003) *Hacia la institucionalización del enfoque de género en políticas públicas*. Caracas, Fundación Fiedrich Ebert.
- Lombardo, E. (2004) *La europeización de la política española de igualdad de género*, Valencia, Tirant lo blanch.

Maruani, M., Rogerat, C. y Torns, T. (dirs.) (2000) *Las nuevas fronteras de la desigualdad*, Barcelona, Icaria.

Maruani, M. (2000) *Trabajo y el empleo de las mujeres*, Madrid, Editorial Fundamentos, Colección Ciencia.

Rosilli, M. (ed.), (2001) *Políticas de género en la Unión Europea*, Madrid, Narcea.

Torrabadella, L., Tejero, E. Y Lemkow, L. (2001) *Mujeres y lucha cotidiana por el bienestar*, Barcelona, Icaria.

Traba, A. (1994) *Primeiro Plan de igualdade de oportunidades e de trato das mulleres de Vigo 1993-1997*.

Traba, A., Varela, L. (2006) *II Plan de igualdade do Concello de Redondela*.

Traba, A., Varela, L. (2007) *As políticas de igualdade nos concellos* en IV Congreso Ástur-Galaico de Socioloxía. Universidade da Coruña.

Varela, L., Traba, A (1999) *As mulleres de Vigo hoxe*. Concellaría da Muller. Concello de Vigo.

Varela, L., Traba, A (2003) *II Plan Municipal para a igualdade de oportunidades e de trato das mulleres de Vigo 2003-2004*. Concellaría da Muller. Concello de Vigo.

Varela, L., Traba, A (2005) *Informe de avaliación do Primeiro plan de igualdade de oportunidades das mulleres e homes do Concello de Redondela*.

Varela, L., Traba, A. (2006) *Informe diagnóstico da situación das mulleres de Redondela*. Concello de Redondela.

Vedung, E. (1997) *Evaluación de políticas públicas y programas*. Madrid, Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais.

Walby, S. (2004) *Mainstreaming de Género: Uniendo la teoría con la práctica*. Relatorio para as xornadas “Mainstreaming de Género: conceptos y estrategias políticas y técnicas”. Andalucía.